

7 Diciembre de 2015 - Revista 1050

Revista Semanal

da Rede Galega de Información Xuvenil



EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 5

BOLSAS E AXUDAS / 7

PREMIOS E CONCURSOS / 7

NOVAS DE EMPREGO / 8

NOVAS DAS CASAS DA XUVENTUDE E OMIX / 16

EN PORTADA

A Consellería de Política Social súmase a celebración do Día Mundial de Loita contra a Sida cunha campaña de prevención do VIH en colaboración coas asociacións de hostalería de Galicia

Martes, 01 Decembro 2015 11:42

- A mocidade terá acceso a unha información clara e concisa sobre o VIH e a realización da proba rápida que realizan os técnicos do **Quérote+**
- O **Quérote+** traballan ao longo de todo o ano pola prevención de transmisión de Infeccións de Transmisión Sexual nos obradoiros que imparten nos centros de ensino de secundaria de toda Galicia

A Consellería de Política Social súmase a celebración do **Día Mundial da Loita contra a Sida** que ten lugar hoxe, **1 de decembro**. Deste xeito, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado pon en marcha unha campaña de información e concienciación sobre o VIH entre a mocidade, en colaboración coas asociacións de hostalería das catro provincias de Galicia.

A iniciativa consistirá na colocación nos locais asociados de maior uso por parte dos mozos dun adhesivo cun código QR que redirixirá á páxina web da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. A mocidade terá acceso a unha información clara e concisa sobre o VIH e pode realizar a proba rápida. Dende que esta prestación se estableceu en 2011, foron preto de 3.000 os mozos e mozas que realizaron esta proba nos centros **Quérote +**.

Estas medidas pónense en marcha para axudar a deter a cadea de transmisións e favorecer a detección precoz, xa que o 46% dos novos diagnósticos de infección presentan diagnóstico tardío, segundo o informe de vixilancia epidemiolóxica da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública da Consellería de Sanidade.

Os centros **Quérote+** traballan ao longo de todo o ano pola prevención de **transmisión de ITS (Infeccións de Transmisión Sexual)** nos máis de 200 obradoiros que, con esta temática, se imparten cada ano nos centros de ensino de secundaria de toda Galicia.

Os días mundiais son días sinalados nos que visibilizar a realidade do VIH e manter os compromisos polo traballo coa mocidade na prevención da transmisión de infeccións coma a do VIH. Nesta liña, a Consellería de Política Social habilita mesas informativas en diferentes espazos da Comunidade galega.

Así, en Santiago os técnicos do **Quérote +** estarán no Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil e no Centro Sociocultural do Ensanche; na Coruña na Facultade de Ciencias da Educación e no Centro Universitario de Riazor; en Lugo no Complexo Xuvenil LUG II; en Ourense no Campus Universitario e na Facultade de Ciencias da Educación; e en Vigo no Colexio Mendiño.

Rey Varela clausura o Xuventude Crea 2015 como 'a maior manifestación das posibilidades creativas da mocidade' que contou coa participación de máis de 300 mozos en 228 proxectos

Venres, 04 Decembro 2015 10:41

- Describe á xuventude galega como "o principal activo de Galicia, o futuro da nosa economía, o vehículo da nosa cultura e a esperanza da nosa demografía"
- Insiste na importancia de "fomentar e estimular á xuventude que conta con valores dabondo para facer grandes cousas no mundo"
- Sinala como tarefa da Xunta de Galicia "outorgarlle aos mozos e ás mozas as vías e o apoio institucional necesarios para desenvolver os seus valores, capacidades e habilidades"
- Di que o Xuventude Crea está composto por once disciplinas (teatro, música, artes plásticas, fotografía, deseño de xoias, banda deseñada, relato breve, poesía, moda, videocreación e graffiti) a través das que "tentamos chegar a todos aqueles ámbitos nos que a mocidade queira expresar a súa forma de ser e de sentir"



O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, acompañado da directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, presidiu no no serán de hoxe a gala final de entrega de premios do **certame Xuventude Crea 2015** ao que definiu como "a maior manifestación das posibilidades creativas da mocidade galega". A iniciativa organizada pola Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, contou coa participación de máis de 300 mozos e mozas galegos ou residentes en Galicia que levaron a cabo 228 proxectos individuais ou colectivos.

No evento, que tivo lugar no edificio Centro de innovación cultural da Cidade de Cultura de Galicia, o conselleiro asegurou que a xuventude é "o principal activo de Galicia". "O futuro da nosa economía, o vehículo da nosa cultura e a esperanza da nosa demografía", abundou. Por iso, o titular da área social insistiu na importancia de "fomentar e estimular á xuventude que conta con valores dabondo para facer grandes cousas no mundo".

Neste sentido, Rey Varela sinalou como tarefa da Xunta de Galicia "outorgarlle aos mozos e ás mozas as vías e o apoio institucional necesarios para desenvolver os seus valores, capacidades e habilidades". A través de proxectos como o Xuventude Crea, dixo o conselleiro, "damos acceso ás plataformas nas que manifestan a súa inxenuidade artística e cultural mentres fomentamos a creatividade para que brille o talento da nosa xuventude".

Xuventude Crea inscribese no **Plan Estratéxico de Xuventude de Galicia 2014-2016**, que ten como un dos seus eixos principais o fomento da creatividade e o espírito empresarial e propón 22 medidas concretas para seguir avanzando neste eido.

Premiados

O **Xuventude Crea** está composto por once disciplinas a través das que “tentamos chegar a todos aqueles ámbitos que chaman a atención da xuventude e nos que a mocidade queira expresar a súa forma de ser e de sentir”. Estas once especialidades son: teatro, música, artes plásticas, fotografía, deseño de xoias, banda deseñada, relato breve, poesía, moda, videocreación e graffiti.

Os participantes nestas especialidades optaron aos seguintes premios: 3.000 euros para os primeiros gañadores; 1.500 euros para os segundos; e 1.000 euros para os terceiros. Tamén poden darse mencións de honra, sen dotación económica.

Na especialidade de **música**, o **primeiro premio** foi para o grupo **Diariodeverano** da Coruña; o **segundo** para **Fripp&Kitte**, tamen da Coruña; e o **terceiro premio foi compartido** entre o solista **Umbra**, de Pontevedra, e o **grupo Ofmates**, de Pontedeume.

Na **especialidade de artes plásticas**, que inclúe **pintura e escultura**, os mozos e mozas premiados foron: o **primeiro premio compartido** entre **Beatriz Sieiro Caramés** (Pontevedra) coa obra **'Sen ti'** e **Ruth Miguel Díaz** (Lugo) con **'Habitar, erosión e ruína'**; o **segundo premio, tamén compartido**, recaeu en **Adrián Taracido Fernández** (Cedeira) con **'Diafanía'** e en **Javier Sande Iglesias** (Noia) por **'Remigio'**; e o **terceiro compartido** foi para **Adrián Penido Núñez** (Silleda) coa obra **'Conciencia plástica'** e para **Carlos Copa Josenge** (Lugo) co proxecto **'Puzzle de fluidofaunorostros'**. O xurado outorgou unha **mención de honra** á obra **'Trazos físicos da terra'** de **Silvia Capelo Álvarez** (A Baña).

En **fotografía** o **primeiro premio foi compartido** entre **Breogán Alamacos Millán** (Lugo) coa obra **'Galiza is different'** e **Alejandro Lorenzana Velasco** (A Coruña) con **'Outro punto de vista'**; o **segundo premio compartido** recaeu en **Estefanía André Feijoó** (Vigo) polo proxecto **'Pegadas'** e **Carla Pérez Vázquez** (Boqueixón) por **'Espellos. Espazo de reflexión'**; e o **terceiro premio, tamén compartido**, recaeu en **Lara Torres Rodríguez** (Santiago) por **'Poemas obxecto'** e en **Tania Cuíña Gómez** (Silleda) con **'Recordo'**. Unha **mención de honra** foi para **María Rosario López Sánchez** (Boiro) pola obra **'Do ermo'**.

No que atinxe á modalidade **teatral**, **Vacaloura Teátrica** (Santiago de Compostela) coa obra **'Mousike e as kronomusas'** recibiu o **primeiro premio**; o **segundo** foi para **Pinchacarneiro Teatro** (Noia), pola representación **'Vilar de inferno'**; e o **terceiro premio foi compartido** entre **Non si? Teatro** (Baiona) co proxecto **'Variacións dun soño sen título'** e **Fusco e Lusco** do IES Universidade Laboral de Ourense coa obra **'Vodas de sangue'**.

Na especialidade de **moda**, o **primeiro premio** foi para a colección **'Jane Rocks'** de **Irene Muiños Pereira** (Mos); o **segundo** para **Yolanda Román Vázquez** (Vigo) pola obra **'Militante vanguardista'** e o **terceiro premio** para **Iria Carrera Chapela** (Vigo) por **'#Tags for life'**.

En **videocreación**, **Inés Miras Vieites** (Santiago) recibiu o **primeiro premio** polo proxecto **'Volta atrás'**; **Denisse Lozano Hermida** (Vilalba) o **segundo** por **'Alén das pantallas'**; e **Estela Suárez Recouso**, con **'Extrusión social'**, recibiu o **terceiro premio** xunto con **Mª del Pilar Boullosa Álvarez**, coa obra **'Luscofusco'**.

En **poesía**, o **primeiro premio foi compartido** entre **Brais Lamela Gómez**, (Vilalba), coa obra **'Memorias dun cuarto afincado en Nevermore'** e **Mónica Sánchez Rodríguez** (Monforte de Lemos) polo poemario **'O sosego do lodo'**. O **segundo premio, tamén compartido**, recaeu en **Andrea Arís Couso** (Vigo) pola obra **'3/cuartos de fame'** e en **Sonia Martínez López** (Sarria) por **'Interaccións fundamentais'**. E o **terceiro compartido** foi para **Fabián Freijedo Fariñas** (O Carballiño) con **'00023-KZ Arquivo Chus Psiquiatría'** e para **Celia Parra Díaz** (Ourense) pola obra **'Profundidade de tacto'**.

En **graffiti**, o **primeiro premio** recaeu en **Ramón Conde-Corbal Varela** (Mon Devane) de Ourense, co proxecto **'Festa neón'**; o **segundo premio** en **Tirso Paz Sans** (Bublegum) de Lugo coa obra **'Mirada melosa'** e o **terceiro premio foi compartido** entre: **Marcos Lamas Bestilleiro** (Silcoe) da Coruña por **'O rostro do querer'** e **Abraham Caride Fernández** (O neto do Santos) de Ourense con **'Enxebre'**.

Na especialidade de **relato breve**, o **primeiro premio** recaeu en **Brais Lamela Gómez** (Vilalba) pola obra **'Barcos de palma de Ecuador'**; o **segundo** foi **compartido** entre **Andrés Carrasco Solla** (Pontevedra) por **'Os dominios do Caos'** e **Xacobe Pato Rodríguez-Gigirey** (Santiago) co proxecto **'As voces estridentes'**; e o **terceiro premio**, tamén compartido, foi para **Héber Fernández Pérez** (Chantada) coa obra **'Boi e muiñeira'** e **Rubén Pérez Pombo** (Lugo) con **'O Tintiño'**.

En **banda deseñada**, o **primeiro premio** foi para **Xulia Pisón Egea** (A Coruña) pola obra **'Ata o derradeiro alento'**; o **segundo** para **Inés Vázquez Ramallal** (Carral) por **'Eulalia e o bosque dos aparecidos'** e o **terceiro** para **Daniel Corrada Rodríguez** polo proxecto **'Tódalas bruxas son malas'**.

No que respecta a **deseño de xoias**, o **primeiro premio** levouno **Sonia Fernández Gandásegui**, coa obra **'Migracións'**; o **segundo premio** foi para **Paula García Carballal**, coa obra **'Plumas para volar'**; **Eva Baqueiro Gil** obtivo o **terceiro premio** coa colección **'Suspiros de liberdade'**; mentres que a **Alejandro Rodeiro Mauriz** concedéuselle unha **mención de honra** pola colección **'A árbore da vida'**.

Política Social destaca o Iniciativa Xove como un "programa pioneiro que estimula o liderado e o talento xuvenil" e que contou coa participación de 750 mozos en 150 proxectos no 2015

Luns, 07 Decembro 2015 07:41

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, participou este serán na vila pontevedresa de Vila de Cruces na **presentación do libro 'Ponteledesma, nove arcos de auga, pedra e historia'**. O exemplar está editado polo grupo informal de mozos e mozas Amigos da ponte a través do programa de participación xuvenil **Iniciativa Xove** que organiza a **Consellería de Política Social**. A Ponte, que enlaza o municipio pontevedrés de Vila de Cruces e o coruñés de Boqueixón, ten unha gran relevancia histórica, xa que foi escenario de batallas contra o exército napoleónico e por formar parte dun ramal da *Vía da Prata* que discorria por *O Corpiño*, *Fontao*, *Carboeiro*, *Merza*, *Bascuas*, *Gres* e *Ledesma*.

A **Consellería de Política Social** investiu este ano no programa **Iniciativa Xove** un total de 500.000 euros que financiaron 150 proxectos nos que participaron directamente máis de 750 mozos e mozas. A **directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez**, destacou que **Iniciativa Xove** é “un programa pioneiro a nivel nacional no que a Administración non lle indica aos mozos o que teñen que facer, senón que lles pide propostas para despois apoialas co propósito de estimular o liderado, a creatividade e o talento xuvenil”.

Neste programa poden participar tanto asociacións formalmente constituídas como grupos informais de mozos e mozas, e permite que a xuventude galega poida organizar, emprender e impulsar actividades onde os actores principais son eles mesmos. A Xunta financia

a totalidade dos proxectos presentados cun orzamento máximo por iniciativa de 4.000 euros. Todas as entidades e grupos aos que se lles concede a axuda e o solicitan reciben un anticipo do 80% sobre o total da cantidade concedida.

Este ano, ademais, foi a primeira edición onde as experiencias, competencias e habilidades adquiridas mediante o desenvolvemento dos proxectos de **Iniciativa Xove** contaron cunha certificación oficial expedida pola *Xunta*. Galicia é a primeira *Comunidade Autónoma* e, polo de agora, a única que certifica as competencias adquiridas coa participación en programas de educación non formal.

EN PORTADA → NOVAS E ACTIVIDADES

Entroido na neve

Xoves, 03 Decembro 2015 00:52



Halcon Viajes, como entidade adherida ao programa carné xove, convoca o **programa "Neve 2016"** para saídas á estación de esquí de Leitariegos en entroido.

PROGRAMA

Venres 5 de febreiro:

Saída pola tarde dende os diferentes puntos de Galicia con dirección a Otero (León). Chegamos ao Hotel Rural El Arbedal. Cea e aloxamento.

Sábado 6 ata o luns 8 de febreiro:

Días de esquí. Almorzo e saída ata a Estación de Leitariegos para gozar dun día de esquí. Xantar pic-nic en pistas. Ao final do día traslado ao Hotel. Cea e aloxamento.

Martes 9 de febreiro:

Almorzo e saída con maletas ata a estación para gozar doutro día de esquí. Xantar pic-nic en pistas. Ao final do día traslado de regreso a Galicia.

PREZO:

Con Carné xove: 280 €
Sen Carné xove: 295 €

O prezo inclúe:

- Autocar durante todo o itinerario, e para traslados a pistas.
- 4 noites de aloxamento en habitación dobre ou tripla
- Aloxamento, almorzo e cea no hotel
- 4 xantares pic-nic en pistas
- Forfait, seguro de esquí e de viaxe

ADEMAIS: Pódeche saír gratis??. Entre os participantes sorteamos 1 praza gratuíta. *Pódeche tocar a ti!!!* Válido cando se xunte grupo de 45 pasaxeiros en diante

A entrega dos premios ao talento da mocidade, na nova edición de Xuventude.Novas

Venres, 04 Decembro 2015 09:04



Xuventude.Novas, a revista interactiva da *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado*, ofrece na súa nova edición unha crónica previa da entrega dos **premios Xuventude Crea**, este **xoves 3 de decembro ás 20 horas na Cidade da Cultura** (Santiago). O certame celebrou nas últimas semanas as finais das súas once disciplinas artísticas. En todas elas volveu aprezaerse o talento, a imaxinación e a creatividade artística dos mozos e mozas galegos. Ademais da crónica previa, **Xuventude.Novas** detalla noutra noutra das súas páxinas os tres premios de cada categoría, máis as tres mencións de honra que os xurados decidiron outorgar noutras tantas especialidades, proba do elevado nivel dos aspirantes.

Neste número, comeza xa a nova tanda de entrevistas aos gañadores de **Xuventude.Crea**. A primeira conversa é a correspondente á modalidade de teatro. Os responsables de **'Vacaloura Teátrica'** explican o proceso de creación da obra **'Mousike e as kronomusas'**, coa que gañaron, e tamén os pasos que deron para crear a compañía. A peza, un repaso pola Historia da música, destaca por combinar a súa vocación pedagóxica cos recursos de humor. En **'Vacaloura Teátrica'** preparan xa novos traballos, con máis imaxinación que medios, e destacan que o teatro ten un público estable e máis numeroso do que se cre a miúdo, tamén entre a xente nova.

Outro contido destacado desta edición é unha reportaxe sobre as **[Eco]Xornadas EcolInnovar (r3)**, unha **Iniciativa Xove** impulsada polo grupo informal **Enxeñería Verde** que se marca como propósito profundizar e dar a coñecer as innovacións que a enxeñaría ofrece para mellorar o tratamento de residuos ou desenvolver sistemas que permitan aproveitar mellor os recursos sen prexudicar a natureza. O proxecto, que lle deu un tono positivo ás mensaxes relacionadas co ambiente, consistiu nunhas xornadas polas que pasaron diversos especialistas. Ademais de expor as principais tendencias en ecoinnovación, tamén se detallaron casos prácticos e reservouse unha parte do tempo para falar das posibilidades de emprendemento neste ámbito.

Vinculación co emprendemento tena tamén o innovador curso de coaching que se desenvolveu no *municipio de Dodro*, do que tamén se dá conta neste **Xuventude.Novas**. Contou con dezaseis participantes, que viron melloradas as súas capacidades para as relacións in-

terpersoais e a capacidade de comunicación cos demais, entre outras habilidades que axudan a mellorar a empregabilidade e a avanzar na consecución das metas profesionais.

Do mesmo xeito, o proxecto 'Re-visión da participación', liderado pola **Asociación Cultural, Deportiva e Xuvenil Ser** merece un espazo destacado noutra das páxinas do boletín. A iniciativa reuniu uns 44 mozos e mozas de diversos países europeos en Galicia. Trata de incentivar a implicación xuvenil na sociedade, mediante unha consulta en liña que dá pé a un seminario transnacional no que se analizan os datos obtidos para finalmente extraer e divulgar as conclusións pertinentes.

A habitual axenda de concertos musicais e actuacións culturais para as vindeiras semanas completan este número de **Xuventude.Novas**, o derradeiro por este ano. A próxima edición publicárase a finais do vindeiro mes de xaneiro.

XUVENTUDE.NOVAS Novembro 2105

Nota: para unha correcta visualización en determinados navegadores de internet, recomendamos descargar o arquivo pdf en vez de abrilo noutra pestana.

Aula Móbil de Garantía Xuvenil do 7 ao 10 decembro

Venres, 04 Decembro 2015 12:09

PLAN DE GARANTÍA XUVENIL Actividades do 7 ao 10 de decembro.

AULA MÓBIL

7 Viveiro Xardíns de Noriega Varela
9 e 10 Ribeira Paseo do Malecón

CHARLAS

Día 9

10:00 h. A Laracha Edificio Administrativo. 3º andar (Avenida de Fisterra, 60)
12:00 h. Carballo Fórum (Praza dos Bombeiros Voluntarios, s/n)
17:00 h. Ordes Por confirmar

Día 10


10:00 h. Melide Aula CeMIT do Edificio Multiusos (Praza das Universidades, s/n)
12:00 h. Arzúa Aula CeMIT do Edificio de Servizos Múltiples (Rúa de Lugo, s/n)
17:00 h. Noia Casa da Cultura (Rúa Corredoira Luis Cadarso, 6)

NOVAS FORMACION

OUTROS CURSOS

Curso de prevención de riscos laborais en actividades de Tempo Libre

Luns, 07 Decembro 2015 11:57



VII Cápsulas formativas

Cursos monográficos online

- **MANIPULADOR DE ALIMENTOS** - ONLINE- (7-21 decembro)
 - **CURSO BÁSICO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS EN ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE -ONLINE-** (14 decembro - 31 xaneiro)
- Máis info e inscricións en secretaria@fedboscogal.org
tlf: 647 131 705

A **Federación Don Bosco** organiza un curso de prevención de riscos laborais en actividades de Tempo Libre.

Data: do 14 de decembro ao 31 de xaneiro (7 semanas).

Número de horas lectivas: 60.

Prezo: 50 €.

Descrición: Este curso Homologado segundo o Real Decreto 39/1997 e válido en todo o territorio español, permite adquirir a capacitación de nivel básico en prevención de riscos laborais segundo o establecido no decreto. Ademais, pretende proporcionar ao monitor de tempo libre, unha formación específica en materia de prevención de riscos e no referente ás actividades ordinarias realizadas desde esta perspectiva.

Desconto de 5 € por desemprego, carné xove ou socio da Federación Don Bosco.

Máis info: secretaria@fedboscogal.org

Teléfono: 647 131 705

<https://www.facebook.com/fedboscogal/photos/a.417153538456395.1073741828.411587812346301/509741382530943/?type=3&theater>

NOVAS FORMACION

CURSOS DE TEMPO LIBRE

Curso de Monitor/a de actividades de Tempo Libre en Vigo

Martes, 01 Decembro 2015 10:23



A Escola de tempo libre Koremi, organiza un curso de Monitor/a de actividades de Tempo Libre en Vigo.

Datas: do 15/12/2015 ao 17/02/2016.

Días non lectivos: 24, 25 e 31 de Decembro, 1 e 6 de Xaneiro, 8 e 9 de febreiro.

Lugar: nas instalacións da escola: R/ Cronista Rodríguez Elías nº 2, Ofic. 3. 36209 Vigo.

Horario das clases: Luns a Venres de 09:30 a 14:30 horas.

Descontos con Carné Xove, situación de desemprego ou grupos.

Máis información na Escola de tempo libre Korami, teléfono: 678 415 501 e 665 990 515. www.koremi.es

Curso de Director/a de actividades de Tempo Libre en Vigo

Martes, 01 Decembro 2015 10:31



A Escola de tempo libre Koremi, organiza un curso de Director/a de actividades de Tempo Libre en Vigo.

Datas: do 11/12/2015 ao 31/01/2016.

Días non lectivos: 25 de decembro e 1 de xaneiro.

Lugar: nas instalacións da escola, na rúa Cronista Rodríguez Elías 2, Ofic. 3. 36209 Vigo.

Horario das clases: venres, sábados e domingos.

Máis información na Escola de tempo libre Korami, teléfono: 678 415 501 e 665 990 515. <http://www.koremi.es>

Curso de Monitor/a de actividades de tempo libre en Ourense

Venres, 04 Decembro 2015 08:25



A Escola de educadores/as no tempo libre, animación e intervención social de Cruz Vermella.

Xuventude organiza en Ourense un curso de Monitor/a de actividades de tempo libre.

Datas: do 8 de xaneiro de 2016 ao 13 de marzo de 2016.

Lugar: Cruz Vermella Española.

Enderezo: Díaz de la Banda, 40 CP 32004 Ourense.

Teléfono: 988 222 484

Máis información en <http://www.cruzvermella.org/>

Curso de Monitor/a de actividades de Tempo Libre na Coruña

Venres, 04 Decembro 2015 08:55



A Escola de tempo libre Campa, organiza un curso de Monitor/a de actividades de Tempo Libre na Coruña.

Datas: do 18 de xaneiro ao 10 de abril de 2016

Horario: luns a xoves 09,30 a 13,30 horas.


Inclue ademais unha convivencia que se desenvolverá os días 9 e 10 de abril no albergue xuvenil en réxime de pensión completa e aloxamento.

Máis información na Escola de tempo Campa, teléfono: 6981 214 444. <http://www.etlcampa.net/noticia.18.php>

BOLSAS E AXUDAS FORMACION PRACTICA

Bolsas para a formación no Instituto Xeográfico Nacional

Luns, 07 Decembro 2015 08:31



O Instituto Xeográfico Nacional convoca **10 bolsas para a formación nos campos da astronomía, a xeodesia, a xeofísica, a xeomática e a cartografía.**

A contía individual da bolsa será de 12.120 € anuais e o seu importe aboaráse por mensualidades vencidas, a razón de 1.010 € mensuais.

Requisitos:

Ter finalizado os seus estudos, despois do 31 de decembro de 2011.

Radioastronomía e técnicas xeoespaciais: 2 bolsas. Observatorio de Yebes (Guadalajara).

Instrumentación astronómica e xeoespacial: 1 bolsa. Observatorio de Yebes (Guadalajara).

Xeofísica: 1 bolsa. Centro Xeofísico de Canarias.

Xeodesia: 1 bolsa. Sede Central do IGN. Rúa Xeral Ibáñez de Íbero, número 3, Madrid.

Xeomática: 2 bolsas. Sede Central do IGN. Rúa Xeral Ibáñez de Íbero, número 3, Madrid.

Cartografía: 3 bolsas. Sede Central do IGN. Rúa Xeral Ibáñez de Íbero, número 3, Madrid.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **23 de decembro de 2015.**

Máis información en <http://www.ign.es/> e no BOE do 4 de decembro de 2015.

BOLSAS E AXUDAS MOBILIDADE

Máster en EE.UU.

Luns, 07 Decembro 2015 08:07

O Ministerio de Educación convoca **10 bolsas para a realización de programas de Máster en Universidades de Estados Unidos de América** por graduados e licenciados en titulacións de Artes, Humanidades e Ciencias Sociais no marco do programa de bolsas MECD-Fulbright.



As bolsas incluirán:

a) Unha dotación mensual calculada segundo a cidade de destino en Estados Unidos que será de 1.800 € como máximo.

b) Unha cantidade en concepto de matrícula ou taxas académicas por importe máximo de 15.000 €, cando proceda, que a Comisión Fulbright se encargará de aboar directamente á Universidade de destino, financiada con cargo ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

c) 1.500 € para gastos de viaxe de ida e volta, financiada con cargo á Comisión Fulbright.

d) Seguro de accidentes corporais e de asistencia sanitaria.

Requisitos:

Os solicitantes deberán ter concluído os seus estudos con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2012.

Deberán ter unha nota media do expediente académico na escala 0-10, igual ou superior a 7 puntos.

Ter unha carta de admisión nunha universidade de EUA para realizar un programa de Máster.

O prazo para a presentación de solicitudes estará aberto entre o **14 de decembro e o 12 de xaneiro de 2016.**

Máis información no BOE do 7 de decembro de 2015 e en <http://www.fulbright.es/ver/becas-para-espanoles>

PREMIOS E CONCURSOS

PREMIOS E CONCURSOS

Deseñando a Igualdade 2016

Luns, 07 Decembro 2015 10:27



O Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades (IMIO), convoca o **Concurso Nacional de deseño gráfico, "Deseñando a Igualdade, 2016"**.

Poderán participar no **Concurso de Carteis** as/os estudantes matriculadas/os no curso 2015/2016 en Centros Formativos nas seguintes áreas: *deseño gráfico, publicidade, comunicación audiovisual e belas artes.*

Os traballos poderán remitirse a través do correo electrónico concursoigualdad@inmujer.es, en formato JPG ou PDF, 50x70cm, cun peso máximo de arquivo de 1MB ou ben a través dun rexistro oficial, achegando neste caso un CD cos deseños.

As persoas que concursan na presente convocatoria presentarán un máximo de dous deseños por concursante.

Deberá aparecer no cartel a frase: "8 de marzo, Día Internacional das Mulleres" e o ano **2016** e un lema relacionado coa temática.

O **deseño premiado** será susceptible de ser o cartel institucional do IMIO, conmemorativo do **8 de marzo 2016**.

O **prazo** para inscribirse e presentar os deseños estará aberto ata o **18 de decembro de 2015**.

Máis información no BOE do 3 de decembro de 2015 e en www.inmujer.es

IX Certame de Poesía Concello de Mugardos

Luns, 07 Decembro 2015 10:38



O Concello de Mugardos convoca o IX Certame de Poesía "Concello de Mugardos" 21 de marzo - Día da Poesía

Establécense tres categorías:

- ata 12 anos

- de 13 a 17 anos

- iguais ou maiores de 18 anos

Cada concursante poderá presentar unha única poesía, que se axustará ás seguintes normas:

O tema e libre.

As poesías estarán escritas en galego, en formato DIN A4 por unha cara (extensión máxima), a dobre espazo, corpo de letra 14 e encabezada polo título.

As poesías terán que ser orixinais, inéditas e non premiadas en calquera outro tipo de concurso.

Achegaranse dúas copias sen asinar dentro dun sobre pechado que especificará no exterior o pseudónimo elixido polo/a autor/a, a categoría na que concursa e o nome do certame. Dentro deste sobre incluírase outro sobre pechado, co pseudónimo no exterior,

que conterá fotocopia do documento de identidade e unha cuartilla co nome, apelidos, idade, enderezo completo e teléfono do/a autor/a.

O **prazo** de entrega das poesías estará aberto do **11 de xaneiro ata o 11 de febreiro de 2016**.

Enviaranse mediante correo certificado ao seguinte enderezo:

IX CERTAME DE POESÍA CONCELLO DE MUGARDOS

Concellaría de Cultura do Concello de Mugardos
Avda. de Galicia 45
15620 Mugardos
A Coruña

O premio consistirá nun bono para mercar libros:

100€, para a categoría de iguais ou maiores de 18 anos.

60€, para a categoría de 13 a 17 anos, ambos inclusive.

40€, para a categoría de ata 12 anos, inclusive.

Máis información no BOP da Coruña do 4 de decembro de 2015 e na **OMIX de Mugardos**, teléfono 981 470 338 e en <http://www.concellodemugardos.org/>

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PÚBLICO

Oferta de emprego público da USC

Martes, 01 Decembro 2015 08:24

A USC publica a súa **oferta de emprego público para persoal funcionario para 2015**:

Técnico superior de administración USC: 2 prazas

Auxiliar de arquivo, bibliotecas e museos: 6 prazas

Máis información no DOG do 1 de decembro de 2015 e en <http://www.usc.es/>

Prazas de persoal docente e investigador contratado na Universidade de Santiago

Martes, 01 Decembro 2015 09:07

A **Universidade de Santiago** convoca a concurso público **prazas de persoal docente e investigador contratado**.

Profesor asociado:

Didáctica da Matemática.

Titulación: graduado/a ou licenciado/a en Matemáticas.

Economía Financeira e Contabilidade.

Titulación: graduado/a ou licenciado/a en ADE ou licenciado/a en Ciencias Económicas e Empresariais.

Economía Financeira e Contabilidade.

Titulación: graduado/a ou licenciado/a en ADE ou licenciado/a en Ciencias Económicas e Empresariais.

Profesor interino de substitución:

Comunicación Audiovisual e Publicidade.

Filosofía e Antropoloxía Social.

Comercialización e Investigación de Mercados.

As solicitudes poden presentarse ata o **19 de decembro de 2015**.

<http://www.usc.es/gl/servizos/profesorado/prazasabertas/solicitudes.html>

Máis información no **DOG do 1 de decembro de 2015** e en <http://www.usc.es/profesorado>

Cinco prazas de axuda a domicilio. Concello de Coles (Ourense)

Mercres, 02 Decembro 2015 07:23

Convocatoria para a contratación laboral que logo se indica, en cumprimento do **Decreto da Alcaldía con data 26.11.2015**

1. Número de prazas: 5.

2. Denominación: auxiliar de axuda no fogar.

3. Modalidade de contratación: contratación laboral temporal para obra ou servizo determinado.

4. Xornada: completa, 40 horas semanais, de luns a domingo.

5. Servizo: servizo de axuda a domicilio (SAD).

6. Sistema de selección: concurso de méritos.

7. Duración do contrato: ata a fin de servizo (31.12.2016).

8. Salario bruto mensual (incluídos todos os conceptos salariais e a parte proporcional das pagas extraordinarias): 1.044,14 €.

9. Prazo e lugar para a presentación de solicitudes e alegacións ás bases de selección: 5 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP de Ourense, no Rexistro Xeral do Concello de Coles, en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres, agás festivos.

10. O texto íntegro das bases de selección está a disposición dos interesados nas oficinas do Concello de Coles (Lugar Vilarchao, 34, 32152 Coles).

Boletín Oficial da Provincia de Ourense, núm. 277, do mércores 2 de decembro de 2015.

PRÁCTICAS NO CENTRO NORTE-SUR DO CONSELLO DE EUROPA EN 2016

Mercres, 02 Decembro 2015 13:17

Primeiro período: de xaneiro a xuño de 2016. Data límite o 31 de outubro de 2015.

Segundo período: de agosto a decembro de 2016. Data límite o 30 de abril de 2016.

O **Centro Norte-Sur do Consello de Europa** ofrece períodos de prácticas non remuneradas 2 veces ao ano por un período de 3 meses como mínimo e 5 como máximo.

As obrigacións dos alumnos inclúen a axuda na preparación das actividades, a investigación, os diferentes tipos de redacción e outras tarefas administrativas do día a día. O programa de prácticas está aberto a cidadáns que completasen a súa educación superior ou, polo menos, tres anos de estudos universitarios (seis semestres).

Os bolsellos non serán remunerados. Os custos de viaxes e aloxamento, así como os custos de vida, son responsabilidade dos bolsellos ou das súas institucións patrocinadoras. O Centro Norte-Sur do Consello de Europa realiza un seguro médico e de accidentes durante o período de prácticas.

Prazo de inscrición: 30/04/2016

Data de finalización: 30/04/2016

Información ampliada: Requisitos:

- Completar educación superior ou haxa polo menos completado 3 anos de estudos universitarios (6 semestres).
- Os bolseiros deben ter un coñecemento moi bo dunha das linguas oficiais do Consello de Europa (inglés ou francés).
- Requírese boa capacidade de redacción.

Se queres solicitar estas prácticas, deberás enviar por e-mail (nsc_traineeships@coe.int) un CV detallado en francés ou inglés cunha carta de motivación.

Máis información en: <http://www.coe.int>

Máis información:

CENTRO NORTE-SUR DO CONSELLO DE EUROPA
Rua de Sao Caetano 1200-829 Estranxeiro 351213584030
nscinfo@coe.int <http://www.coe.int>

PRÁCTICAS NO COMITÉ DAS REXIÓNS

Descrición: Obxectivos das prácticas no Comité das Rexións:

- Proporcionar unha experiencia única, de primeira man sobre o funcionamento do Comité das Rexións, en particular, e das institucións da UE en xeral.
- Para adquirir experiencia práctica e coñecemento do traballo do día a día dos departamentos da Comisión.
- Para traballar nunha contorna multicultural e multilingüe.
- Vostede terá a oportunidade de organizar unha visita de estudo a unha autoridade local ou rexional europea, en relación coas prioridades políticas do Comité.
- Para poñer en práctica os coñecementos adquiridos durante os estudos, sobre todo nos seus ámbitos de competencia.

Prazo de inscrición: 31/03/2016

Data de finalización: 31/03/2016

Información ampliada: Data límite:

Sesión de primavera: Entre o 1 de abril e o 30 de setembro (medianoite, hora local de Bruxelas) do ano anterior.

Sesión de outono: Entre o 1 de outubro e o 31 de marzo (medianoite, hora local de Bruxelas) do mesmo ano.

Máis información en: <http://cor.europa.eu/es/about/traineeships/pages/cor-traineeship.aspx>

Máis información:

COMITÉ DAS REXIÓNS
<http://cor.europa.eu/>
Boletín IAJ O Cartafol

PRÁCTICAS INTERNACIONAIS DAS NACIONS UNIDAS EN ASIA E PACÍFICO

Mercores, 02 Decembro 2015 13:18

Descrición: Este Programa, coñecido como **ESCAP**, proporciona unha serie de oportunidades para os estudantes de posgrao / doutoramento, estudantes de último ano ou os estudantes graduados cun título universitario fai menos dun ano, para levar a cabo prácticas profesionais nunha das súas variadas gamas de divisións e axencias, a maioría delas situadas en *Bangkok (Tailandia)*, *Nova Deli (India)* e a cidade de *Incheon (República de Corea)* a sede.

Data límite: ata o 31 de decembro de 2015.

Prazo de inscrición: 31/12/2015

Data de finalización: 31/12/2015

Información ampliada: Requisito:

- Estar matriculado en programa de estudos de posgrao (2º título universitario ou superior).
- Estar matriculado no curso académico definitivo dun 1º programa de grao universitario (nivel licenciatura mínimo).
- Haberse graduado cun título universitario (1º título universitario, ou 2º título universitario ou superior) e, se se selecciona, debe comezar a pasantía nun prazo de 1 ano da gradación.

Máis información en: <http://www.unescap.org/jobs/internships/>

Máis información: ORGANIZACION NACIONS UNIDAS (ONU)

<http://www.unescap.org/>

QUERES TRABALLAR NA ONU? CONVOCADAS PRAZAS DE EMPREGO

Descrición: Fomentárase a inclusión de candidatas nos procesos selectivos.

As **Nacións Unidas** non cobran ningunha taxa polo proceso de selección (solicitud, reunións, entrevistas, proceso selectivo, formación ou outras taxas similares). Con motivo de evitar fraudes, as Nacións Unidas non pregunta por ningunha conta bancaria aos candidatos.

Data de finalización: 31/12/2015

Información ampliada: Número de prazas: 240.

Para acceso ás **ofertas de emprego nas Nacións Unidas** entrar en: <https://goo.gl/ka9ta7>

Para máis información sobre como solicitar participar nestes procesos selectivos de prazas, picar en: <https://goo.gl/uh4XD>

Máis información: ORGANIZACIÓN DE NACIONS UNIDAS (ONU)

<http://www.unescap.org/>

Prazas no Instituto Galego da Calidade Alimentaria

Luns, 07 Decembro 2015 07:34

O **Instituto Galego da Calidade Alimentaria** convoca un proceso selectivo para a contratación de cinco titulados superiores e catro técnicos de formación profesional-grao superior, polo procedemento de concurso.

O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto ata o **16 de decembro de 2015**.

Máis información no **DOG do 7 de decembro de 2015** e en http://www.medioruralemar.xunta.es/nc/areas/investigacion_e_formacion/instituto_galego_da_calidade_alimentaria/documentacion/persoal/

Auxiliares de axuda no fogar en Baltar

Luns, 07 Decembro 2015 10:47

O **Concello de Baltar** necesita contrata **5 auxiliares de axuda no fogar**.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **10 de decembro de 2015**.

Máis información no **BOP de Ourense do 5 de decembro de 2015** e na **OMIX de Baltar**, teléfono 988 466 503.

Auxiliares de axuda no fogar na Bola

Luns, 07 Decembro 2015 10:49

O **Concello da Bola** necesita contrata **6 auxiliares de axuda no fogar**.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **12 de decembro de 2015**.

Máis información no **BOP de Ourense do 5 de decembro de 2015** e na **OMIX de Baltar**, teléfono 988 431 992.

Bolsa de emprego no Concello de Lobeira

Luns, 07 Decembro 2015 10:55

O **Concello de Lobeira** fai unha **convocatoria para a creación dunha bolsa de emprego para os exercicios 2016-2017**.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **11 de decembro de 2015**.

Máis información no **BOP de Ourense do 4 de decembro de 2015** e en www.lobeira.es

Limpador no Concello da Teixeira

Luns, 07 Decembro 2015 10:58

O **Concello da Teixeira** fai unha **convocatoria para a contratación dun/ha limpador/a**.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **11 de decembro de 2015**.

Máis información no BOP de Ourense do 4 de decembro de 2015 e en www.concelloateixeira.org

Prazas no Concello de Toén

Luns, 07 Decembro 2015 11:03

O **concello de Toén** fai unha convocatoria para a **contratación dun/ha auxiliar de axuda no fogar** e para a creación dunha bolsa de traballo para o ano 2016.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **14 de decembro de 2015**.

Máis información no BOP de Ourense do 4 de decembro de 2015 e en <http://concellodetoen.sedelectronica.es>

Educador/a social e fisioterapeuta na Residencia de Maiores da Pobra de Trives

Luns, 07 Decembro 2015 11:08

A **Mancomunidade das Terras do Navea-Bibe** necesita contratar **un/ha educador/a social e un/ha fisioterapeuta**, ambos os dous como persoal laboral temporal na **Residencia de Maiores da Pobra de Trives**.

Requisitos: estar en posesión dos títulos de diplomatura en Educación Social ou grao, e diplomatura en Fisioterapia, respectivamente.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **11 de decembro de 2015**.

Máis información no BOP de Ourense do 4 de decembro de 2015.

<https://bop.depourense.es/portal/descargarPdf.do?numBoletin=279&fecha=20151204#page=17>

Bolsa de emprego no Concello de Trabada

Luns, 07 Decembro 2015 11:14

O **Concello de Trabada** fai unha convocatoria para a creación dunha **bolsa de emprego do servizo de limpeza** en edificios públicos municipais.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **14 de decembro de 2015**.

Máis información no BOP de Lugo do 7 de decembro de 2015 e en www.trabada.es

Convocadas 11 prazas de médicos titulares

Luns, 07 Decembro 2015 11:42

O **Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade**, convoca estas prazas polo sistema de concurso-oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **23 de decembro de 2015**.

Máis información www.boe.es

Convocadas 10 prazas do Corpo de Oficiais de Arsenais da Armada

Luns, 07 Decembro 2015 11:42

O **Ministerio de Defensa**, convoca estas prazas polo sistema de oposición e concurso.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE 4 de decembro de 2015. www.boe.es

Convocadas 65 prazas do Corpo Superior de Sistemas e Tecnoloxías da información (Corrección de erros)

Luns, 07 Decembro 2015 11:48

O **Ministerio de Facenda e Administracións Públicas**, convoca estas prazas polo sistema de concurso-oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 4 de decembro de 2015. www.boe.es

Convocadas 10 prazas de persoal laboral no Concello de Fuenlabrada (Madrid)

Luns, 07 Decembro 2015 11:48

O **Concello de Fuenlabrada**, convoca prazas de diversas categorías polo sistema de concurso-oposición. O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 4 de decembro de 2015. www.boe.es

Convocadas 3 prazas de policía local no Concello de Los Santos de Maimona (Badajoz)

Luns, 07 Decembro 2015 11:49

As prazas son convocadas polo sistema de oposición. O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 4 de decembro de 2015. www.boe.es

Convocadas 10 prazas de Técnico Especialista da Rede Hospitalaria de Defensa

Luns, 07 Decembro 2015 11:50

O **Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade**, convoca estas prazas polo sistema de concurso-oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 5 de decembro de 2015. www.boe.es

Convocadas 30 prazas de ATS/DUE da Rede Hospitalaria de Defensa

Luns, 07 Decembro 2015 11:50

O **Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade**, convoca estas prazas polo sistema de concurso-oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 5 de decembro de 2015. www.boe.es

Convocadas 4 prazas de administrativo fixo na Comisión de Mercados de Valores

Luns, 07 Decembro 2015 11:51

As prazas convocadas son de persoal laboral fixo. O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **3 de xaneiro de 2016**.

Máis información Centro de Información Administrativa 7 de decembro de 2015 e www.060.es

Convocadas 2 prazas temporais de licenciado/a en bioloxía ou ciencias do mar na UDC

Luns, 07 Decembro 2015 11:52

A **Universidade da Coruña**, convoca estas prazas (12 meses), como **colaborador en proxectos de investigación**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **11 de decembro de 2015**. www.udc.es

NOVAS DE EMPREGO ▶ EMPREGO PRIVADO

Vendedor/a experto/a en carpintería Activa

Mercores, 02 Decembro 2015 09:16

Localidade: Santiago de Compostela

Requisitos:

Experiencia profesional previa no ámbito da carpintería que permita realizar un asesoramento técnico aos clientes.

Competencias en orientación ao cliente, orientación a resultados, traballo en equipo, iniciativa, aprendizaxe e mellora continua.

Debes estar rexistrado e logueado para poder enviar o teu currículo.

<http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1636/vendedora-expertoa-en-carpinteria>

II EDICIÓN 'EMPREGA CULTURA'

Mercores, 02 Decembro 2015 13:16

Fundacion Banco Santander convoca a **II edición de "Emprega Cultura"**, programa destinado a crear emprego entre os mozos especializados na cultura visual contemporánea. Realizará **2 convocatorias consecutivas**:

- A **primeira** convocatoria para organizacións que queiran cubrir un posto de traballo.
- A **segunda** para os mozos que queiran optar a estes postos.

Escolleranse **10 organizacións distintas** ás que se lles brindará a oportunidade de cubrir **10 ofertas de emprego** para mozos desempregados. Estas contratacións estarán financiadas integramente por **Fundación Banco Santander**, que dotará a cada organización de 23.000 €. anuais equivalentes ao custo de cada mozo empregado durante o prazo de 1 ano. Esta cantidade inclúe o custo empresa e o salario bruto do empregado a xornada completa.

Destinado a:

- **Organizacións:** Fundacións/asociacións/empresas con sede en España, relacionadas coa arte contemporánea.
- **Candidatos:** Profesionais en situación de desemprego.

Prazo de inscrición: 13/01/2016

Data de finalización: 13/01/2016

Información ampliada: As Organizacións poderán acceder ao Programa completando o formulario correspondente a través da páxina web www.fundacionbancosantander.com/es/empleo. O formulario estará activo do **14 de outubro** ao **17 de novembro de 2015**. Os candidatos poderán acceder ao Programa completando o formulario correspondente a través da mesma páxina web. O formulario estará activo do **16 de decembro de 2015** ao **13 de xaneiro de 2016**.

Máis información: FUNDACIÓN BANCO SANTANDER. www.fundacionbancosantander.com

CURSO DE INGLÉS E TRABALLO EN AUSTRALIA

Mercores, 02 Decembro 2015 13:16

Recibirás toda a información necesaria para poder atopar **Traballo en Australia**.

Temos servizo de emprego básico.

Durante a realización do curso está permitido traballar 20 h. No tempo **GAP** podes visitar Australia, facer surf ou traballar a xornada completa: **2+2+2+1 é a nosa proposta NEW!! Programa ETF** podes parar as túas clases pasadas 8 ou 12 semanas iniciais e facer un gap para traballar full estafe para despois seguir coas clases e neste período de descanso entre os cursos, non hai ningunha restrición nas horas de traballo.

O programa inclúe:

- 16 semanas clases inglés: 22,5h/s.
- 4 semanas aloxamento confirmado en casa compartida, habitación individual ou dobre ou familia.
- Asesoramento/tramitación visado estudante e durante a estancia.
- Recollida aeroporto (opcional).
- Seguro de viaxe por 7 meses.
- Asesoramento/coordinador local durante a estancia e servizo básico ou completo de procura de traballo en Australia.

Data de finalización: 31/12/2015

Información ampliada: **Lugar:** Escola Byron Bay está situado a 820 km. do Norte de Sydney e 168 km. do sur de Brisbane, ideal para practicar surf, facer turismo e ambiente mozo. Ofrece un ensino de inglés de calidade nun das contornas máis belas e naturais do mundo.

Máis información: TRAVEL WORK BARCELONA

Vía Augusta 122, 2º 1ª 08006 Barcelona 934140725
info@travel-work.com <http://www.travel-work.com/>
Boletín IAJ O Cartafol
01/12/2015
Ofertas de emprego 4 2

Monitores para a Ruta Quetzal 2016

Venres, 04 Decembro 2015 09:20

BBVA busca monitores para a ruta 2016

Requisitos:

IDADE MÍNIMA: 24 anos cumpridos.

IDADE MÁXIMA: 28 anos.

TITULACIÓNS ACADÉMICAS: Licenciado, Grao, Doutor.

TITULACIÓNS ESPECÍFICAS: Socorrista acuático e terrestre.

CURRÍCULO (achegando foto tamaño carné)

Ademais dos requisitos imprescindibles valoraranse os seguintes aspectos:

- Escrito dirixido á organización comentando as razóns por as que o candidato/a preséntase á selección de monitores/as.
- Formación específica e titulación en técnicas e actividades deportivas de aire libre en alta montaña.
- Experiencia na realización de campamentos e actividades de longa duración con mocidade.
- Formación académica sobre cultura, historia e xeografía de Latinoamérica, especificamente de México e España.
- Dedicación profesional, estudos actuais e deportes que práctica.
- Ser expedicionario dalgunha edición anterior do programa.
- Titulación de Educación Física e Deportes.

A data límite para presentar a solicitude será ata o **15 xaneiro 2016**.

Fases da selección:

1ª Fase:

Ata o 15 de xaneiro de 2016 (inclusive): Presentación do currículo.
10 de marzo de 2016: Publicación na Web da lista preseleccionados.

2ª Fase:

19 de marzo de 2016: Entrevista persoal aos preseleccionados e valoración de coñecementos xerais sobre os contidos do programa *Ruta BBVA 2016*. Publicación na Web da lista de preseleccionados.

3ª Fase:

Do 1 ao 3 de abril 2016: Realización das probas de aptitude.

4ª Fase:

4 de maio de 2016: Publicación na Web dos monitores seleccionados para a expedición **Ruta BBVA 2016**.

http://www.rutabbva.com/TLRQ/index.php?id=343&no_cache=1

Envío de currículo por correo electrónico: seleccionmonitoresruta@gmail.com

Todos os monitores/niveis seleccionados para participar na expedición **Ruta BBVA 2016** realizarán a súa actividade como voluntariado desde o **28 de xuño ata o 29 de xullo de 2016**.

Ofertas Servizo Público de Emprego 04/12/2015

Luns, 07 Decembro 2015 06:42

Carpinteiros/as de aluminio, metálico PVC

- Localidade: Pereiro de Aguiar, O (Ourense)
- Nº oferta: 12/2015/13146
- Data: 04/12/2015
- Requisitos: oficial 1ª cortar, moldear, montar, construír e reparar estruturas de aluminio. Experiencia en soldadura por TIG.

Arquitectos/as técnicos

- Localidade: Foz (Lugo)
- Nº oferta: 12/2015/13196
- Data: 04/12/2015
- Requisitos: responsable de obra con experiencia en obras de edificación. Imprescindible estar en posesión do curso de prevención de riscos laborais de 60 hrs. mínimo.

Máis información no 012 e en <http://emprego.xunta.es/cmspro/contido/botones/ofertasEmpleo/>

NOVAS DAS CASAS DE XUVENTUDE E OMX

CASAS DA XUVENTUDE

O Espazo Xove de Betanzos pon unha mesa informativa o Día Mundial da Loita contra a Sida

Martes, 01 Decembro 2015 17:15



Con motivo da celebración do **Día Mundial da Loita Contra a Sida**, o **Espazo Xove de Betanzos** instalou, como en anos anteriores, unha mesa informativa. Colaborou nesta iniciativa a **Asociación Xuvenil "Brigantium"**.

A mesa púxose diante da entrada do **Espazo Xove**, onde se repartiron á poboación moza lazos vermellos conmemorativos deste día, folletos, trípticos informativos sobre o tema e preservativos facilitados pola *Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública da Xunta de Galicia*.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de
Xuventude e Voluntariado



xuventude.net